

III. OUTRAS DISPOSICIÓN S

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

EXTRACTO da Orde do 24 de abril de 2017 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2016/17.

BDNS (Identif.) 344583.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado que finalizase os estudos de bacharelato no curso 2016/17 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, na modalidade presencial ou na modalidade a distancia, que fose proposto para o título na convocatoria ordinaria do dito curso e obtivese unha nota media do bacharelato igual ou superior a 8,75.

Segundo. *Obxecto*

Convocar na Comunidade Autónoma de Galicia os premios extraordinarios de bacharelato (procedemento ED311A) para o alumnado que finalizase os estudos de bacharelato no curso 2016/17 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia e cumpra os requisitos establecidos nesta orde.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde EDU/2058/2010, do 13 de xullo (BOE do 29 de xullo), pola que se regulan os premios nacionais de bacharelato establecidos mediante Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Cuarto. *Importe*

Vinte premios extraordinarios cunha dotación global de 20.000 euros. Cada premio estará dotado con 1.000 euros.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

